RUTA 4: DO VAL DO RÍO PEQUENO



A ruta comeza na parte alta da vila de Seoane do Caurel por un sendeiro practicamente en chairo que se dirixe á aldea de O Mazo que está a uns 500metros de distancia.

Logo de cruzar a pé un pequeno regato chégase ó Mazo, aldea que está sendo restaurada.

Continúase o camiño e descéndense outros 500metros ata chegar a un cruce que indica o camiño a seguir para poder ver as Cabanas de Carballois. Cóllese o desvío á esquerda costa abaixo que vai dar ó río e a unha ducia de cabanas de pedra calcaria rodeadas de castiñeiros centenarios que forman un conxunto etnográfico de gran interés. As cabanas eran antigas edificacións situadas nas beiras dos prados que funcionaban como palleiras e onde tamén se gardaba o gando en inverno. Retómase o sendeiro para seguir tres quilómetros en dirección a Paderne. O ruta pasa ó carón duns sequeiros que son construccións semellantes ás cabanas de dous andares usados para secar e almacenar as castañas.

Continúase bordeando o río e ascéndese por un souto. A 800metros de Paderne poden verse unhas fervenzas miúdas á esquerda e continúase polo sendeiro estreito e angosto ata chegar á aldea, que é unha das máis habitadas e mellor conservadas da zona.

Sáese de Paderne por un camiño que parte do centro social do pobo e descéndese en dirección ó Castro do Brío que se atopa a un pouco máis de catro quilómetros dos que os dous últimos consisten nun ascenso pronunciado pola ladeira da montaña entre fentos e matos os cales que amosan vistas á Paderne.

Unha vez no cumio pódense apreciar restos de construccións do Castro do Brío que é un dos de máis altitude do Caurel (1057 m) e que funciona como miradoiro natural.

Ascéndese polo sendeiro ata acadar o pico da montaña que está plagado de acivros e aciñeiras e que amosa vistas panorámicas privilexiadas do Caurel. Dende éste punto, o camiño tórnase máis doado xa que comeza un descenso de 2 quilómetros ata Mercurín. A maior parte do percorrido discorre polo curso fluvial dun regato agora abandonado polas augas e practicamente seco.

Despois da longa e sinuosa baixada, así como de atravesar un par de soutos chégase a Mercurín e nada máis saír atravésase un gran souto, antesala da enxebre aldea. Continúase costa abaixo durante outro par de quilómetros.

Chégase a estrada principal a cal se cruza para seguir pola pista asfaltada que leva a Ferrería Nova. Tómase un desvío á esquerda que hai xusto antes da ponte para pasar ó carón da Ferrería Locay e continuar en dirección a Seoane. A ferrería, construída no 1808, funcionou como fábrica de armas, traballou o ferro, como serradoiro, muiño ou central hidráulica e por último no 1999, recuperouse para transformala nun centro de interpretación.

O percorrido continúa cun pequeno ascenso duns 500metros pola pista de asfalto que leva a Seoane do Caurel onde remata a ruta.

Ruta do Val do Río Pequeno

LENDA

- Inicio
- Dirección
- Castro
- Aldea
- Igrexa
- Sequeiro/ Cabana
- Ponte
- Río
- Reboleira
- Souto
- Sobreira
- Aciñeiral